

GAGARINE

Fanny Liatard & Jérémy Trouilh, 2020

916

ESTREA EN NUMAX: 13.04.2022 | V.O.S.E.

Yuri de 16 años viviu sempre nas Torres Gagarine nas aforas de París e soña con ser astronauta. Cando se decata dos plans para derrubar todo o bloque de apartamentos, Yuri embárcase xunto os seus amigos Diana e Houssan nunha misión para salvar o edificio, transformándoo na súa peculiar «nave espacial» antes de que desapareza no espazo para sempre. A película foi rodada en colaboración con todos os residentes reais das torres, no momento álxido do conflito sobre a demolición do proxecto de vivendas Cité Gagarine, en Ivry-sur-Seine.

«Un drama duro e tenro á vez co
que viaxarás á lúa»

Phil de Semlyen, TIME OUT



Entrevista con Fanny Liatard e Jérémy Trouilh «O realismo máxico permítenos achegarnos á realidade desde outro ángulo»

Por Tania de Montagne

Dá a sensación de que hai dous personaxes principais no filme: un adolescente e un edificio. Fanny [F]: Si. Na nonas mente Yuri (o adolescente) e Gagarine (o edificio) están en constante diálogo entre eles.

Jérémy [J]: Ao crearmos o personaxe de Yuri imaxinamos a seus pais mudándose ao proxecto residencial antes do seu nacemento, tomando o nome do lugar para darllo a seu fillo. Yuri criouse alí e desenvolveu unha imaxinación igual de grande que esas enormes torres. Para el, a idea da súa desaparición significa a morte dos recordos e soños da súa infancia. Tamén significa perder a súa querida comunidade.

F: Queriamos dar unha imaxe positiva dun lugar e unha xeración adoitan ser caricaturizadas. Yuri ama o seu barrio. Para el, Cidade Gagarine non é unha utopía obsoleta, é o seu presente e a base do seu futuro. Marchar de alí significa perdelo todo: abandonar a súa familia e o seu mundo imaxinario. Así que se resiste.

Para alterar a nosa percepción do lugar e da xente é como se elixídeses a dualidade. Todo en Yuri ten sobre cara: solitario, pero sempre conectado coa xente, apegado ao pasado pero inmerso na hipermodernidade. F: Si, Yuri está equilibrado. As súas raíces están no proxecto residencial, pero a súa cabeza atópase nas estrelas, navegando constantemente entre soño e realidade, entre o pasado e o presente do lugar.

J: Un dos habitantes do barrio díxonos un día que Yuri Gagarine veu inaugurar o proxecto nos anos sesenta. Era unha escena completamente surrealista: o primeiro home que vai ao espazo regresa da súa misión e remata nun proxecto residencial ás aforas de París. Buscamos imaxes de arquivo da súa visita. Nos ollos dos novos habitantes ves as súas esperanzas desmesuradas nesta lugar e ese home. O cosmonauta e o edificio son símbolos de esperanza e progreso. Con esa metraxa comeza a nosa película.

F: Queriamos que Yuri quedase impregnado disto, cheo dese pasado heroico, para que o seu soño espacial nacera da súa casa. Queriamos filmar un heroe mozo, un fillo de Gagarine nunha aventura épica. Simbolicamente, o edificio é o ventre da súa nai, que el se nega a abandonar. O noso filme é a historia dunha morte e un nacemento.

A maxia é un aspecto importante no filme e impregna a historia e a fotografía.

F: Jérémy viviu en Colombia e eu en Perú. Sentímonos identificados co realismo máxico, omnipresente en América do Sur, e continúa a inspirarnos. O ritmo do noso traballo de dirección está marcado por ese equilibrio entre realismo e onirismo.

J: A dimensión máxica permítenos achegarnos á realidade e a súa violencia desde outro ángulo. O que Yuri está a experimentar é difícil. Simboliza a xuventude excluída, ferida por ese abandono e pechada en si mesma. Parte da loita de Yuri ao se facer maior provén das circunstancias que foron minando a súa confianza.

Interesábanos que non se ocultase na dureza do seu contexto, senón que se abordara dunha maneira algo fóra do habitual.